

BECAS MEC CURSO 2026/27

- **Normativa:** Resolución da Secretaría de Estado de Educación, pola que se convocan becas de carácter xeral para o curso 2026/27 para estudantes que cursen estudos postobrigatorios. ([Enlace á Resolución publicada no BOE](#))
- **Prazo de presentación de solicitudes:** do 7 de abril ao 18 de maio ás 15 h. (ambos incluídos)
- **Forma de presentación:** O procedemento é electrónico e iníciase co rexistro do/a alumno/a (primeira solicitude) na sede electrónica da páxina web do Ministerio de Educación FP e Deportes. Realizado o rexistro na dita sede electrónica **deben conservarse as claves de acceso iniciais** para facer a solicitude e para consultar o voso expediente en calquera intre. ([Enlace o acceso á tramitación na sede electrónica do Ministerio](#))

INFORMACIÓN MOI IMPORTANTE!!

- Na solicitude debes incluír un enderezo de **correo electrónico correcto e que vaia estar operativo durante todo o proceso**, para recibir os avisos de notificacións (requirimentos; comunicacións, propostas, resolucións...).

- **O número de conta** que poñades na beca: ten que estar como titular ou cotitular o/a estudante.

-Despois de cubrir a solicitude só queda presentada cando vos deixa xerar o xustificante de presentación que debes conservar e ler detidamente para saber se tedes que presentar documentación adicional no voso caso (padrón, sentenzas...). De ser así, achegade o xustificante coa documentación pertinente dende o primeiro intre, pois moitas becas quedan denegadas na primeira fase por non xustificar datos.

-A fase inicial adoita rematar **a mediados de xullo**; despois **cruzaranse os datos económicos** co Ministerio de Facenda e recibiredes ao longo do verán a notificación de se cumprides ou non os requisitos económicos. Debes consultar o correo introducido na solicitude para ver se tedes notificacións ou acceder (coas vosas claves) ao voso expediente para comprobalo. Ás veces os correos quedan no Spam, revisádeo tamén.

-No mes de **setembro** haberá un **prazo** para presentar **alegacións se tedes discrepancias cos datos económicos e/ou para facer certas modificacións na beca** só en tres aspectos: académicos (tipo de estudos; centro onde se realizarán); residencia (fóra do domicilio familiar) e conta bancaria. Tamén vos chegará aviso sobre ese prazo por correo electrónico (tédeo operativo e consultádeo a miúdo).

-Despois pasaremos á **fase de datos académicos**. **Para obter a beca**, tede sempre en conta o previsto na convocatoria, e en particular, que de 1º a 2º de BAC só se permite un suspenso (aínda que se poida pasar de curso con dúas asignaturas, isto non aplica no caso das becas) e, de estar repetindo curso, non se permite ningún suspenso. No caso da FP, para obter beca, hai que matricularse nun mínimo de 500 horas e superar unha carga horaria dos módulos do curso anterior, igual ou superior ao 85% das horas e o 100% destas nos casos de matrícula parcial ou específica para persoas adultas.

_ Ademais lembre que **para non ter que devolver a axuda** concedida hai que **cumprir uns obxectivos**: asistir ás clases; non darse de baixa no centro antes que remate o curso e aprobar a lo menos o 50% de materias, créditos ou horas.

No caso de que por calquera motivo decidades **abandonar os estudos**, presentade canto antes un escrito de renuncia á beca ao departamento territorial de educación da Xunta en Lugo. Se despois de renunciar, vola chegan a ingresar, intentade rexeitar a transferencia dende o banco e, no caso de que vola ingresaran (antes ou despois de presentar a renuncia), renunciade tamén para que podamos tramitar o proceso de reintegro que leva sempre aparelado o aboamento de intereses. Canto máis tempo pase, máis intereses aboaredes.

[Enlace á páxina web do Ministerio onde atoparedes máis información sobre as becas](#)

UT BECAS-LUGO (Nesta UT só se tramitan estudos NON universitarios cursados na nosa provincia)